

A esquerda con problemas

Besteiro encadena a perda da Deputación de Lugo cunha imputación que corta o seu camiño cara ao Senado. Pola súa banda, BNG e Mareas buscan nos entes provinciais unha cota de protagonismo que non lles outorgaron as urnas

É probable que nun futuro próximo o secretario xeral do PSdeG, Xosé Ramón Gómez Besteiro, non lembre con alegría este mes de xullo. Tras perder o control da Deputación de Lugo por problemas internos, agora enfróntase a unha imputación que frena en seco as súas aspiracións de ser senador.

Aos reveses políticos e ás liortas internas do PSdeG súmanselle agora a Besteiro os problemas xudiciais. Dende o PPdeG non temos á intención de apretarlle máis a soga, pero si lle lembramos que ten ante si a oportunidade de ser coherente por primeira vez desde que é secretario xeral do PSdeG. Por iso agardamos que, agora que as súas aspiracións ao Senado foron truncadas por Ferraz, non obstaculice a renovación do Valedor do Pobo e do Consello de Contas.

Dende o PPdeG entendemos que xa non hai ningún obstáculo para proceder á renovación dos órganos estatutarios posto que, se non o había hai un mes, tampouco o hai a día de hoxe. O propio Feijóo dixo que “cremos que o PSdeG non vai facer iso, polo que agradecémolo anticipadamente”.

DEPUTACIÓN DE CORUÑA

Tras as liortas internas, unha vez máis, no seo do PSdeG para determinar cal era o seu candidato a presidir a Deputación da Coruña, o BNG continúa esixindo ser quen presida a institución provincial.

Argumentan que “unha presidencia do BNG sería a mellor garantía para que o proceso de cambio na Deputación se desenvolva con toda celeridade”.

Resúltanos curioso que unha formación política, coma o BNG, que representa a unha porcentaxe moi pequena da poboación da provincia da Coruña véxase lexitimada non so para presidir, senón tamén para cambiar o organismo provincial.

Os movementos de ambos partidos –un sumido nas liortas internas polos cargos e outro pretendendo mendigando apoios a partidos minoritarios para presidir sen estar refrendado polas urnas- retratan as súas únicas ambicións: botar ao PP a calquera prezo, os cargos e gobernar sen estar respaldados pola xente.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

A situación na Deputación de Pontevedra non é menos sorprendente. O pacto entre BNG e PSdeG parece estar xa feito para que Carmela Silva sexa quen presida o ente.

É curioso ver como dúas formacións que pediron a supresión das deputacións pelexan agora para repartirse o poder.